

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Oza dos Ríos e Cesuras

COMARCA: As Mariñas – A Coruña

DATA: 16 de abril

LUGAR DE REALIZACIÓN: Mesón O Pacheco (Oza dos Ríos)

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) : 7

NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 2

NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: todos

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Pura Ferreño Saia

Representante Consello Nacional: Cristina López Sánchez

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: Todas

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 hora 30 min

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.):
clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO
TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha
assemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.) Valorámola
positivamente. Moi participativa e ton moi construtivo, asistencia de persoas
simpatizantes e propostas para mellorar.

Resulta complicado abordar un debate tan amplo e que resulte ordenado en tan pouco tempo e sen ter datos preparados previamente.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posibles)

CON CARÁCTER XERAL

Políticas máis duras nos Concellos e coherencia na política local. A xente non sente que fagamos todo o que podemos nos Concellos para plantar cara ao PP. Cumprir coas persoas que nos votaron.

Necesidade de buscar a unidade do nacionalismo. Vivimos as consecuencias da ruptura de Amio. Buscar acordos polo ben do País co resto de nacionalistas.

O traballo do nacionalismo a outros niveis como o sindical ou o cultural non se traduce en apoios ao BNG. Non conseguimos crear base social.

A actuación do BNG no bipartito vese como algo negativo, cometeronse erros que estamos pagando aínda agora.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Medo nos Concellos rurais polas políticas caciquiles do PP. Clientelismo.

Problema demográfico. As aldeas e o rural retroceden, non hai xente nova.

Estase perdendo a lingua e cada vez maior uso do español na sociedade.

Falta de mobilización na sociedade. Cada vez a xente móvese menos.

Influencia dos medios de comunicación cada vez maior.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Nós candidatura galega foi un erro, non houbo tempo a preparalo. Conservar as siglas BNG porque é o patrimonio que temos.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Proxecto colectivo, evitar os liderazgos persoais. As ansias persoais fixeron moito mal ao nacionalismo.